



ESTAMOS EN ABRIL... ¡¡LIBROS MIL!!
ESTE ANO 2005 TEMOS MOITAS COUSAS
QUE CELEBRAR:
II centenario do nacemento de HANS
CHRISTIAN ANDERSEN.
IV centenario do QUIXOTE de MIGUEL
DE CERVANTES SAAVEDRA.
50 aniversario de MERLÍN E FAMILIA
de ALVARO CUNQUEIRO

Xa chegou abril, Mes Do Libro, e coma tódolos anos a Biblioteca acollerá unha exposición, aberta a toda a comunidade escolar, na que poderemos atopar:

- Contos de Andersen en varias versións e con distintas ilustracións, desexando que alguén os abra e os lea en voz alta aos outros.
- Toda unha variedade de Quixotes, dende os máis sinxelos e manexables, ata os máis difíciles e pesados, mais todos eles esperan que os coñezamos e lles permitamos viaxar dos seus libros aos nosos pensamentos.
- Algúns destes personaxes apareceron na nosa Biblioteca e pediron un recuncho onde aloxarse e Agapito deulles acomodo no "Novo Hotel das Personaxes" situado na Avda da Biblioteca, fondo, dereita, onde a partir de agora poderemos atopar a moitos protagonistas dos contos, cómics e libros coñecidos.

ANIMAMOS ÁS FAMILIAS A VISITAR A BIBLIOTECA E, XUNTO COS NENOS/AS, LEMBRAR OS CONTOS DA SÚA INFANCIA E COÑECER MOITOS OUTROS QUE SEGURO LLES SORPRENDERÁN.

HORARIO DA BIBLIOTECA:

LUNS, MÉRCORES E XOVES de 16.15 a 18.15 horas

MARTES de 18.15 a 19.15 horas

¡ AGARDÁMOSVOS !